

A socialización. A educación constitutiva do ser humano.

O termo *socialización* relaciónase intimamente co de cultura. A cultura é un feito que diferenza radicalmente a sociedade humana das chamadas sociedades animais. A cultura está integrada por diversidade de elementos: crenzas, coñecementos, valores, normas, técnicas e materiais. Cando un individuo absorbe eses elementos culturais e se integra na sociedade, fálase dun *proceso de socialización*, tamén chamado *endoculturación*.

A socialización é, pois, o proceso polo cal un individuo é introducido na sociedade ou nun sector da mesma e é asimilado ao seu sistema cultural. O factor fundamental de socialización é a linguaxe.

A través do proceso de socialización, o individuo tamén asimila as normas e valores morais vixentes na sociedade da que forma parte, baixo a presión modeladora da aprobación/reprobación exercida polo grupo.

Non debe confundirse a *socialización* coa *sociabilidade*. A segunda designa a inclinación de todo ser humano a asociarse a outros grupos humanos. A sociabilidade, é pois, a base da socialización. Esta supón a internalización dos contidos culturais da sociedade e a integración ou adaptación do individuo á sociedade e as súas institucións.

Os axentes de socialización.

Os axentes sociais son os encargados de levar a cabo a socialización: a familia, a escola, os grupos de amigos, as pandillas e os medios de comunicación. A acción socializadora dos diferentes *axentes de socialización* pode ser canalizada a través de vehículos tan diversos como: a propia linguaxe, os xogos e xoguetes, os contos, lendas, as narracións e as películas. con unha relevancia diferente segundo os distintos tipos de sociedade e segundo o nivel cultural e a idade de cada individuo.

Po medio destes xogos, contos, lendas e narracións vanse transmitindo *roles sociais* (diversos papeis que temos que desempeñar en distintos ámbitos) e *valores* (aquilo que valora e considera importante a nosa sociedade).

“A socialización é o proceso mediante o cal o individuo é absorbido pola cultura da súa sociedade. Fundamentalmente, a socialización é unha aprendizaxe; na súa virtude, o individuo aprende a adaptarse aos seus grupos e as súas normas, imaxes e valores. Trátase dun proceso de aprendizaxe de conduta (e de ideas e de ciencias que finalmente teñen que plasmarse en conduta). Como proceso é permanente, pois dura toda a vida do individuo e é perenne na sociedade. Para o individuo a súa socialización é particularmente intensa durante os seus primeiros anos e é durante a infancia cando máis clara se ve a natureza da socialización, a cal, é no seu carácter de aprendizaxe, un proceso de interiorización normativa, imaxinativa e valorativa...

(...) A pesar da alta determinación que entraña a condición física do recen nacido, este é en potencia un feixe moi variado de tipos humanos. O individuo adulto único que xurdirá máis tarde dependerá do tipo de socialización que reciba. A súa vez, isto dependerá non só da estrutura do grupo no seo do cal medre, senón da cultura.”

(Salvador Giner. *Socioloxía*.)